

## INTRODUCCIÓN

No campo compartindo metade por metade cos seus homes as rudas faenas, na casa soportando valerosamente as ansias da maternidade, os traballos domésticos e as arideces da probeza.

Rosalía de Castro

My notebook was like my garden

Medbh McGuckian

### **Muller e natureza**

O reparto do traballo entre mulleres e homes estivo historicamente condicionado por interesadas configuracións de xénero que adxudicaron ás primeiras as tarefas relacionadas co coidado e o fogar. Co universo masculino vincularon as obrigas que implicaban socialización e participación nun espazo público que, agás excepcións, estaba vetado para as mulleres. Tal división quedou reflectida no imaxinario das literaturas de Galicia e Irlanda, comunidades que presentan importantes semellanzas en canto a xeitos de vida nos ámbitos rurais.

A xerarquización das tarefas conforme o xénero viuse polo tanto plasmada nas manifestacións literarias galegas e irlandesas, que representaron unha muller-nai-campesiña obrigada a miúdo a facer fronte a condicións de vida de extrema dureza. Aínda así, non faltan exemplos, nalgún caso temperáns, dunha transgresión das normas motivada por circunstancias como a ausencia

do varón. É o caso da coñecida composición de Rosalía de Castro “Técín soia a miña tea” (1880), onde, ante a partida do home á emigración, é a muller quen ten que asumir a totalidade das tarefas para garantir a supervivencia:

Técín soia a miña tea  
sembrei soia o meu nabal  
soia vou por leña ó monte  
soia a vexo arder no lar.  
Nin na fonte nin no prado,  
así morra coa carrax,  
el non ha de virme a erguer,  
el xa non me pousará. (Castro, en Angueira 2016: 313)

4

Alén do espazo doméstico, entendido nun sentido amplo, o traballo das mulleres está tamén ligado a algunhas actividades do sector primario. Nin a súa representación nin as visións críticas ou transgresoras destas actividades quedaron plasmadas, agás excepcións como a citada, nas literaturas galega e irlandesa até o xurdimento, na década dos noventa, de discursos emerxentes sobre muller e natureza que se achegaron ao ecofeminismo<sup>1</sup> e que atoparon na ecocrítica un marco teórico acaído para o seu estudo. O carácter interdisciplinar destas teorías permite, alén de entender a natureza –a paisaxe, o medio ambiente, os recursos naturais– dende unha perspectiva dinámica e global, atender á repercusión que as mudanzas producidas nas condicións sociais e ambientais tiveron na conformación de discursos emerxentes sobre muller e natureza.

O obxectivo deste número monográfico<sup>2</sup> é xa que logo o estudo das actividades desenvolvidas polos suxeitos femininos á luz das achegas da ecocrítica e dentro do marco dos discursos emerxentes sobre muller e natureza. A relación natureza/cultura na muller rural galega, a redefinición do traballo no que ás actividades femininas se refire e a súa representación no cine e na televisión, a participación nas protestas colectivas durante o franquismo, a

---

<sup>1</sup> Hai vinte anos, en 1997, Shiva xa concluía que os movementos das mulleres e da ecoloxía eran un só como contratendencias a un mal desenvolvemento patriarcal.

<sup>2</sup> Traballo levado a cabo dentro do proxecto “Eco-ficcións: Discursos emerxentes sobre muller e natureza en Galicia e Irlanda” (Ministerio de Economía y Competitividad-FEDER: FEM2015-66937-P Excelencia 2015).

mirada feminina á olería tradicional, o traballo das mulleres no mar, a representación das súas tarefas na literatura galega contemporánea e na infantil e xuvenil, e a relación muller-natureza en tres autoras da literatura irlandesa son abordadas por especialistas procedentes de campos diversos.

É importante aclarar que cando falamos de mulleres e natureza non estamos a pensar na vella oposición natureza/cultura, para nós e para outras autoras xa superada<sup>3</sup>, senón máis ben na liña das ecofeministas do Terceiro Mundo. Neste sentido, as mulleres rurais nos países con menor índice de desenvolvemento achegan unha nova comprensión da relación porque neles as mulleres e a natureza están asociadas non na pasividade, senón na creatividade e no mantemento da vida. Precisamente é unha das máis recoñecidas teóricas do ecofeminismo a que nos ofrece unha achega valiosa para o noso ámbito de estudo, talvez polo feito de compartir a procedencia de pobos dominados ou colonizados<sup>4</sup>:

Mulleres que participan e dirixen os movementos ecolóxicos en países como a India non están falando unicamente como vítimas. As súas voces son as voces da liberación e a transformación que proporcionan novas categorías de pensamento e novas direccións exploratorias (...). Desde a perspectiva das mulleres implicadas nas loitas pola supervivencia que son, simultaneamente, loitas pola protección da natureza, as mulleres e a natureza están intimamente relacionadas e a súa dominación e liberación igualmente unidas. (Shiva 1997: 171, tradución nosa)

Son as mulleres do Terceiro Mundo, as indíxenas (Aimé Tapia 2015) e mais as das sociedades pouco industrializadas as que posúen os paradigmas intelectuais ecolóxicos capaces da resistencia. Nesta disposición é onde as mulleres teñen un papel clave, pois os movementos ecolóxicos encabezados polas campesiñas crean alternativas para as mulleres e para a sociedade no seu conxunto (Shiva 1995, Cabana 2013 e Lanero 2013). Son maneiras de resistir dentro do chamado “ecoloxismo dos pobres” (Martínez Alier 2005), protagonizado por mulleres e homes ameazados pola perda de recursos e servizos ambientais necesarios para vivir.

---

<sup>3</sup> Catherine Roach (2015) intenta superar a dualidade e antagonismo dos conceptos muller e natureza vs. home e cultura.

<sup>4</sup> En 1998 Maria Mies afirmaba que seguimos nunha situación de colonialismo, na que as mulleres, a natureza, o Terceiro Mundo ou o sur son as colonias.

Ademais da relación da muller coa natureza, os artigos deste monográfico translocen a relación entre o xénero e a economía (Carrasco 2006). Se uns deixan ver as resistencias propias dos lugares pouco industrializados, outros mostran os efectos da globalización poscapitalista e os seus efectos sobre a vida e os traballos das mulleres que levan á precarización da súa existencia, á “economía caseira fóra do fogar” (Precarias a la Deriva 2006) e á “feminización da pobreza”.

Tras a análise do traballo oculto e mal remunerado ou non remunerado das amas de casa, dos campesiños e campesiñas de subsistencia e dos pequenos produtores e pequenas produtoras, María Mies (1998) propuxo a necesidade dun novo proxecto denominado “subsistencia ou supervivencia” cuxa formulación esixe un enfoque multidisciplinar porque os problemas sociais deben resolverse a canda os problemas ecolóxicos. Precisamente, un dos descubrimentos máis importantes do ecofeminismo é a interconexión de “toda a vida” na terra, dos problemas e as solucións (Mies 1998: 235).

Partindo destes presupostos, *Corpos, territorios e resistencias* adopta unha perspectiva multidisciplinar para facer visíbel o traballo das mulleres en Galicia e Irlanda a través da antropoloxía, a historia, a imaxe e a literatura.

6

## Achegas

O estudo “O dualismo natureza/cultura a propósito da muller rural galega”, exemplo da interdisciplinidade que caracteriza este monográfico, aborda con valentía as orixes do modelo explicativo natureza/cultura. Despois de aproximarse á dualidade natureza/cultura dende a década dos setenta, a profesora Lourdes Méndez expón algunhas das claves teóricas da antropoloxía feminista, achégase ao ensaio pioneiro de María Xosé Queizán *A muller en Galicia* e, por último, alude ás investigacións sobre xénero ou sobre as mulleres galegas dende o ámbito antropolóxico. Conclúe Lourdes Méndez (2017: 22) indicando a “urxencia de desenvolver novas formas de análise a través dun pensamento crítico que non nos encerre en vellos modelos explicativos”.

En “Corpos e imaxes de mulleres traballadoras na nova división do traballo”, a investigadora da imaxe María Ruido comeza cunha necesaria redefinición do concepto de traballo na actualidade e reconece unha tripla explota-

ción da muller (a debida á súa condición de corpo-fetiché, a que ten que ver coa condición de reprodutora única e responsábel da vida de segunda orde, e a derivada da condición de raza e etnia). A autora, para quen “o persoal, máis que político, é económico” (Ruido 2017: 48), distingue xunto ás clases traballadoras tradicionais e as non tradicionais un novo grupo formado pola forza de traballo transnacional. A continuación, analiza como aparece a muller traballadora no cine e na televisión e conclúe que, se as imaxes traducen valores sociais e/ou económicos xa existentes, “sería necesario cambiar [tales valores] previamente para que as súas representacións se transformen e transformen” (Ruido 2017: 63).

“Mulleres diante. Rostros femininos e acción colectiva no rural galego” presenta estes suxeitos en protestas colectivas durante o franquismo, un tempo que relegaba as mulleres á invisibilidade no espazo público. Despois de repasar o pouco interese que a historia agraria suscitou entre os investigadores, Ana Cabana reclama a incorporación de categorías de análise que permitan unha visión integral da evolución do mundo rural e explica o escaso desenvolvemento da historia das mulleres. A historiadora mostra neste artigo un estudo de caso baseado no conflito vivido nas parroquias rurais do concello de Pontevedra. A partir da análise documental, cunha mirada en clave de xénero, o estudo fornece “unha nova perspectiva na que é posible exhumar o feminino” (Cabana 2017: 98).

“Estereotipos de barro. Mulleres na olería tradicional galega” aborda un oficio habitualmente relacionado cos homes, en canto á elaboración, e coas mulleres, no tocante ao consumo. Dende a antropoloxía social, Elena Freire (2017: 115) intenta “proxectar unha mirada en feminino cara á olería tradicional”. Tralo repaso dos estudos bibliográficos, a autora outorga relevancia ás fontes orais, contextualiza as súas reflexións e revisa algúns conceptos. A seguir realiza un percorrido histórico no que analiza a presenza da muller na olería tradicional e os cambios operados. Conclúe Elena Freire (2017: 136) indicando que, na olería tradicional galega, “as mulleres teñen ocupado diferentes espazos condicionadas pola asignación social do lugar que lles corresponde segundo as necesidades do grupo que distribúe a orde tanto dos obxectos como dos suxeitos”.

“Oficios de salitre. As mulleres e os traballos do mar” visibiliza, a través das fontes orais recollidas no concello de Pontevedra, o traballo das mulleres

no mar. Desta maneira analízanse os oficios realizados polas mulleres: mariscadoras a pé ou a bote, redeiras, obreiras da conserva e vendedoras de peixe, traballos case todos eles compatibilizados con outros labores ocultos e non recoñecidos no fogar. As autoras, Xiana Iglesias Villaverde e María Abelleira Fontán (2017), consideran que a diversidade e variedade de oficios e labores que as mulleres realizaron e realizan no mar son exemplo da súa relevancia e contribución a este sector produtivo e salientan como elas viviron en primeira liña o cambio sufrido polo sector.

Se a antropoloxía, o estudo da imaxe e a historia contemporánea desvelan aspectos fundamentais e pouco coñecidos da relación entre muller e natureza no relativo ao traballo, a literatura dos últimos anos constitúe un observatorio privilexiado para detectar novos modos de relación que tentan evidenciar o paralelismo existente na opresión sufrida polos suxeitos femininos e polo medio ambiente (Gaard & Murphy 1987: 5), así como profundar na condición de alteridade (Murphy 1995). Neste senso, un estudo de Manuela Palacios (2005) revela como numerosas escritoras contemporáneas galegas e irlandesas representaron, partindo moitas veces da súa experiencia rural, visións da natureza que se afastan da idealización para se achegaren á realidade social e económica e reflectiren as contradicións e a dureza dun xeito de vida.

O título do traballo “Que foi das mulleres da terra e do mar na literatura galega contemporánea?”, de Inma Otero Varela, revela a falta de modelos alternativos aos relatos patriarcais até finais do século XX. A autora identifica non obstante mudanzas, dos anos noventa en diante, consistentes na procura de imaxes transgresoras na poesía (Olga Novo, Lupe Gómez), na denuncia do sometemento ao patriarcado e ao capitalismo e na visibilización de *eus* femininos alternativos e activos (Antía Nara, María Reimóndez). A pesar da existencia de mulleres non canónicas que entenden a loita no sector primario como “a raíz sobre a que medra a loita en favor doutras periferias territoriais e de xénero nun contexto global” (Otero 2017: 40), o ensaio conclúe cunha afirmación que evidencia o contraste entre estes modelos emerxentes e o seu reflexo na tradición literaria: “aínda está por escribir, se é que se escribe, a historia das mozas que volven á terra e ao mar, que montan cooperativas dedicadas á cría de animais ou á agricultura ecolóxica, que sachan todos os días os seus eidos urbanos, que aprenden o oficio de redeiras ou que acompañan ás mulleres da familia a mariscar” (Otero 2017: 40).

Isabel Mociño (2017) centra a súa análise no ámbito da literatura infantil e xuvenil e cinguea á súa fase de constitución. En “Os traballos das mulleres na LIX: o rural e o mar en tres obras pioneiras” aborda a representación das actividades desenvolvidas por mulleres no sector primario en tres obras escritas en décadas diferentes e consideradas chantos na consolidación do sistema literario: *Memorias dun neno labrego* (1961), de Xosé Neira Vilas; *Mar adiante* (1973), de María Victoria Moreno; e *O segredo da Pedra Figueira* (1985), de María Xosé Queizán. A análise levada a cabo por Mociño permite apreciar o cambio social producido ao longo de tres décadas e que se concreta na posición subalterna da muller na primeira das obras; nun papel máis activo, moi vinculado á escola na segunda; e nun proxecto liberador enmarcado nunha épica identitaria de protagonismo feminino na terceira, escrita xa en pleno período democrático.

Margarita Estévez Saa achégase á obra da prolífica escritora Alice Taylor nun traballo cuxo título é abondo transparente: “Custodias da terra: a muller rural na obra da irlandesa Alice Taylor”. Nel demostra a relevancia das mulleres na preservación de valores como o amor á terra ou o coidado familiar. O estudo ocúpase de maneira especial do libro de memorias *The Women* (2015), onde Taylor retrata unha serie de mulleres rurais que teñen en común a súa “contribución esencial ao coidado e custodia da terra, e ao benestar da comunidade rural” (Estévez 2017: 27). Estévez repara na representación do reparto dos labores entre homes e mulleres e na vontade de Taylor por deixar constancia da dureza do traballo realizado por estas. Tanto o libro memorialístico como o conxunto da obra da irlandesa son polo tanto, para a estudosa, testemuños dun modo de vida en extinción no que ás mulleres eran verdadeiras *custodias da terra*.

Dende o ecofeminismo construtivista achégase María Jesús Lorenzo-Modia a outra escritora irlandesa en “Medbh McGuckian: A natureza como núcleo da vida”. Logo de salientar o valor de actitudes como a sintaxe quebrada, a polisignificación e unha certa irracionalidade nas conexións en canto estratexias de oposición á linguaxe dominante, leva a cabo unha exhaustiva análise do poema “The Feather Shop” (2017). O estudo da composición inédita, que se achega na versión orixinal e en tradución propia, revela a equiparación establecida pola voz poética entre a muller e a natureza en canto entidades subordinadas. A análise salienta, ademais, que o poema “reflicte o politicamente máis revolucionario na actualidade que é a conservación dos valores

e herdanzas recibidas: a vida humana en simbiose e equilibrio coa natureza” (Lorenzo-Modia 2017: 81).

Da literatura irlandesa ocúpase tamén Manuela Palacios González en “A campesiña no cambio de paradigma da poesía irlandesa contemporánea”, que analiza o ensaio *A Kind of Scar. The Woman Poet in a National Tradition* (1989), de Eavan Boland, deténdose de maneira especial no texto poético que fai as veces de epígrafe, “The Achill Woman”. A composición, que describe o encontro da voz poética cunha campesiña, constitúe para a investigadora un exemplo de sororidade e tamén de cuestionamento dalgúns tópicos da literatura pastoral. Palacios destaca a relevancia dun ensaio que estuda as mudanzas producidas na poesía irlandesa nos anos oitenta e denuncia a exclusión das mulleres na tradición. Neste contexto, salienta a escolla da figura da campesiña no poema-pórtico como “chave para a reconfiguración da literatura nacional” (Palacios 2017: 15) nese cambio de paradigma.

O monográfico *Corpos, territorios e resistencias* exhuma ademais dous documentos de diferente natureza. O primeiro deles, “*Palabras secretas* de Ana Lois” (Acuña 2017), presenta o proxecto audiovisual desta xornalista no que se recupera a medicina tradicional galega. Con este material preténdese visibilizar un dos traballos das mulleres máis esquecidos, o coidado da saúde, a través dunha selección de fotogramas subtítulados de tres documentos audiovisuais gravados nos Ancares e en Salcedo. Neles, ademais de amosar a feminización do coidado, tamén se pon de manifesto o mantemento da natureza, crenzas e cultos milenarios grazas ás mulleres.

“*Os poemas de Ilduara Eriz*, de Chus Pato” (Nogueira 2017) rescata, na súa versión orixinal autógrafa, unha colección de textos publicados pola autora na carpeta de poesía *Oito e médio* (1993), promovida por Edicións do Dragón e dedicada a voces poéticas femininas. Coa reprodución do pequeno poemario, incluído posteriormente, e con algunhas variantes que se indican, en *Fascinio* (1995), o traballo pretende pór en valor o texto autógrafa de Chus Pato no contexto da aparición de escrituras femininas e de proxectos editoriais emerxentes nos comezos da década dos noventa. Ao mesmo tempo, quere render unha homenaxe á última das escritoras elixidas pola Real Academia Galega como membros de número da institución.

Este número inclúe tamén, dentro da sección “Encontros”, o texto “Encontro con Marilar Aleixandre” (Rodríguez 2017), onde se reproduce a con-



versa mantida entre Olivia Rodríguez e a escritora Marilar Aleixandre a raíz do seu ingreso na Real Academia Galega, en xaneiro de 2017. A Academia, a literatura, a paisaxe e o feminismo enfan un diálogo que quere visibilizar a necesaria e demandada presenza de mulleres na centenaria institución.

A sección “Creación” ten tamén neste monográfico protagonismo feminino e achega a voz poética de dúas autoras de promocións diferentes: Olalla Cociña (Viveiro, 1979), que presenta a colección de textos “Oito soños e unha certeza” (Cociña 2017: 5-14), e Arancha Nogueira (Ourense, 1989), que publica “As costureiras” (Nogueira 2017: 15-18).

## Consideracións finais

Os discursos da antropoloxía, a historia, a creación e a crítica mostran diferentes aspectos, os máis deles invisibilizados, acerca dos traballos desenvolvidos polas mulleres no sector primario, e da relación establecida en cada momento entre os suxeitos femininos e a natureza. A pluralidade dos enfoques permite apreciar matices nunha visión de conxunto que a miúdo foi simplificada e reducida a clichés patriarcais.

O conxunto de ensaios sobre a representación nas literaturas galega e irlandesa, e tamén nas artes visuais, dos traballos levados a cabo polas mulleres foi posíbel grazas á xenerosidade das colaboradoras. Asemade, os textos de creación e os documentos de distinta natureza que aquí se recuperan complementan o achegamento ao tema deste monográfico, cuxo obxectivo último é estudar o traballo das mulleres, coas súas particulares estratexias de subsistencia nun contexto hostil, e de que maneira este quedou plasmado nos discursos literarios e nas manifestacións artísticas.

O monográfico *Corpos, territorios e resistencias* aborda igualmente o cambio social e persoal que supuxo para as mulleres e tamén para a contorna o feito de desenvolveren estas un traballo vinculado coa natureza nuns tempos nos que experimentaban importantes dificultades para acceder a un posto de traballo asalariado. Ao mesmo tempo, atendeu á emerxencia de novos discursos sobre as transformacións producidas nos modos de explotación da natureza nos últimos anos e a súa repercusión no mundo laboral da muller. A esta preocupación ecolóxica non é allea a literatura, pois tal e como recolle

Puleo (2015: 16), tanto os textos literarios como a crítica que os comenta contribúen a unha mellor comprensión e divulgación do ecofeminismo e os seus valores.

Ana Acuña Trabazo  
Universidade de Vigo

María Xesús Nogueira  
Universidade de Santiago de Compostela  
COORDINADORAS

## Referencias bibliográficas

12 Acuña Trabazo, Ana. 2017. “Palabras Secretas de Ana Lois”, en *Boletín Galego de Literatura*, nº 50 (1º semestre 2017), <http://dx.doi.org/10.15304/bgl.50.3982>, “Documentos/Documents”, pp. 5-15, <http://www.usc.es/revistas/index.php/bgl/article/view/3982/4251> [Consulta: 02/06/2017].

Aimé Tapia González, Georgina. 2015. “Aportaciones de las mujeres indígenas al diálogo entre filosofía y ecología”, en *Ecología y género en diálogo interdisciplinar* (ed. Alicia H. Puleo). Madrid: Plaza y Valdés, pp. 263-277.

Cabana, Ana. 2013. *La derrota de lo épico*. Valencia: Universitat.

Cabana Iglesias, Ana. 2017. “Mulleres diante. Rostros femininos e acción colectiva no rural galego”, en *Boletín Galego de Literatura*, nº 50 (1º semestre 2017), <http://dx.doi.org/10.15304/bgl.50.3988>, “Estudos/Studies”, pp. 89-114, <http://www.usc.es/revistas/index.php/bgl/article/view/3988> [Consulta: 09/06/2017].

Castro, Rosalía de. 2016. *Follas novas*. Estudo, edición, notas e comentarios de Anxo Angueira. Vigo: Xerais.

Carrasco, Cristina. 2006. “La economía feminista: una apuesta por otra economía”, en *Estudios sobre género y economía* (coord. María Jesús Vara). Madrid: Akal, pp. 29-62.

Cociña, Olalla. 2017. “Oito soños e unha certeza”, en *Boletín Galego de Literatura*, nº 50 (1º semestre 2017), “Creación”, pp. 5-14, <http://www.usc.es/revistas/index.php/bgl/article/view/4118/4315> [Consulta: 15/06/2017].

- Estévez-Saá, Margarita. 2017. “Custodias da terra: A muller rural na obra da irlandesa Alice Taylor”, en *Boletín Galego de Literatura*, nº 50 (1º semestre 2017), <http://dx.doi.org/10.15304/bgl.50.3910>, “Notas/Notes”, pp. 19-33, <http://www.usc.es/revistas/index.php/bgl/article/view/3910> [Consulta: 19/05/2017].
- Freire Paz, Elena. 2017. “Estereotipos de barro. Mulleres na olería tradicional galega”, en *Boletín Galego de Literatura*, nº 50 (1º semestre 2017), <http://dx.doi.org/10.15304/bgl.50.3985>, “Estudos/Studies”, pp. 115-137, <http://www.usc.es/revistas/index.php/bgl/article/view/3985> [Consulta: 15/06/2017].
- Gaard, Greta & Patrick D. Murphy, eds. 1998. *Ecofeminist Literary Criticism: Theory, Interpretation, Pedagogy*. Urbana, Chicago: University of Illinois Press.
- Iglesias Villaverde, Xiana e María Abelleira Fontán. 2017. “Oficios de salitre. As mulleres e os traballos do mar”, en *Boletín Galego de Literatura*, nº 50 (1º semestre 2017), <http://dx.doi.org/10.15304/bgl.50.3900>, “Estudos/Studies”, pp. 69-88, <http://www.usc.es/revistas/index.php/bgl/article/view/3900> [Consulta: 30/05/2017].
- Lanero, Daniel (ed.) 2013: *Por surcos y calles. Movilización social e identidades en Galicia y País Vasco (1968-1980)*. Madrid: Catarata.
- López Ruido, María. 2017. “*Just do it!* Corpos e imaxes de mulleres na nova división do traballo”, en *Boletín Galego de Literatura*, nº 50 (1º semestre 2017), <http://dx.doi.org/10.15304/bgl.50.3899>, “Estudos/Studies”, pp. 43-67, <http://www.usc.es/revistas/index.php/bgl/article/view/3899> [Consulta: 30/05/2017].
- Lorenzo-Modia, María Jesús. 2017. “The Feather Shop” de Medbh McGuckian: A ollada empática ás mulleres e á natureza”, en *Boletín Galego de Literatura*, nº 50 (1º semestre 2017), DOI <http://dx.doi.org/10.15304/bgl.50.3999>, “Notas/Notes”, pp. 69-88, <http://www.usc.es/revistas/index.php/bgl/article/view/3999> [Consulta: 09/06/2017].
- Martínez Arlier, Joan 2005. *El ecologismo de los pobres. Conflictos ambientales y lenguajes de valoración*. Barcelona: Icaria.
- Méndez, Lourdes. 2017. “O dualismo natureza/cultura: a propósito da muller rural galega”, en *Boletín Galego de Literatura*, nº 50 (1º semestre 2017), DOI <http://dx.doi.org/10.15304/bgl.50.3898>, “Estudos/Studies”, pp. 5-24, <http://www.usc.es/revistas/index.php/bgl/article/view/3898> [Consulta: 31/05/2017].
- Mies, Maria e Vandana Shiva. 1998. *La praxis del ecofeminismo. Biotecnología, consumo, reproducción*. Barcelona: Icaria.
- Mociño González, Isabel. 2017. “O traballo das mulleres na LIX: o rural e o mar en tres obras pioneiras”, en *Boletín Galego de Literatura*, nº 50 (1º semestre 2017),

<http://dx.doi.org/10.15304/bgl.50.3901>, “Notas/Notes”, pp. 35-67, <http://www.usc.es/revistas/index.php/bgl/article/view/3901> [Consulta: 15/05/2017].

Murphy, Patrick D. 1995. *Literature, Nature, and Other: Ecofeminist Critiques*. Albany: State University of New York Press.

Nogueira, Arancha. 2017. “As costureiras”, en *Boletín Galego de Literatura*, n° 50 (1° semestre 2017), “Creación”, pp. 5-14, <http://www.usc.es/revistas/index.php/bgl/article/view/4119/4312> [Consulta: 15/06/2017].

Nogueira Pereira, María Xesús. 2017. “Os poemas de Ilduara Eriz, de Chus Pato”, en *Boletín Galego de Literatura*, n° 50 (1° semestre 2017), <http://dx.doi.org/10.15304/bgl.50.4022>, “Documentos/Documents”, pp. 17-31, <http://www.usc.es/revistas/index.php/bgl/article/view/4022/4309> [Consulta: 14/06/2017].

Otero Varela, Inma. 2017. “Que foi das mulleres da terra e do mar na literatura galega?”, en *Boletín Galego de Literatura*, n° 50 (1° semestre 2017), DOI <http://dx.doi.org/10.15304/bgl.50.3886>, “Estudios/Studies”, pp. 25-42, <http://www.usc.es/revistas/index.php/bgl/article/view/3886> [Consulta: 01/06/2017].

Palacios, Manuela. 2005. “How Green Was My Valley: The Critique of the Picturesque by Irish and Galician Women Poets”. *Feminismo/s*, 5, pp. 157-175.

Palacios González, Manuela. 2017. “A campesiña no cambio de paradigma da poesía irlandesa contemporánea”, en *Boletín Galego de Literatura*, n° 50 (1° semestre 2017), <http://dx.doi.org/10.15304/bgl.50.3877>, “Notas/Notes”, pp. 5-17, <http://www.usc.es/revistas/index.php/bgl/article/view/3877> [Consulta: 07/04/2017].

Precarias a la Deriva. 2006. “Precarización de la existencia y huelga de cuidados”, en *Estudios sobre género y economía* (coord. María Jesús Vara). Madrid: Akal, pp. 104-134.

Puleo, Alicia H. 2013 (2ª ed). *Ecofeminismo para otro mundo posible*. Madrid: Cátedra.

Puleo, Alicia H. (ed.) 2015. *Ecología y género en diálogo interdisciplinar*. Madrid: Plaza y Valdés.

Roach, Catherine. 2015. “Ama a tu madre: sobre la relación mujer-naturaleza”, en *Ecología y género en diálogo interdisciplinar* (ed. Alicia H. Puleo). Madrid: Plaza y Valdés, pp. 107-125.

Rodríguez González, Olivia. 2017. “Encontro con Marilar Aleixandre”, en *Boletín Galego de Literatura*, n° 50 (1° semestre 2017), <http://dx.doi.org/10.15304/bgl.50.4022>

bgl.50.3950, “Encontros/Rendezvous”, pp. 5-16, <http://www.usc.es/revistas/index.php/bgl/article/view/3950/4316> [Consulta: 16/06/2017].

Shiva, Vandana. 1995. *Abrazar la vida, ecología y desarrollo*. Madrid: Horas y horas.

Shiva, Vandana. 1997. “Las mujeres en la naturaleza”, en *Ecología y feminismo* (comp. María Xosé Agra). Granada: Comares, pp. 161-178.